

2019

MEMORIA*****

INFORME DO REITOR*****
***** UNIVERSIDADE
AO CLAUSTRO***** DA CORUÑA


2019

MEMORIA*****

INFORME DO REITOR*****
***** UNIVERSIDADE
AO CLAUSTRO***** DA CORUÑA

Índice Memoria de Xestión 2019

Índice xeral	V	Resultados e transferencia	
Índice de cadros	VII	Centros de investigación - CITIC, CITEEC, CIT e CICA	
Introdución	XIII	Capítulo 5. Recursos humanos	107
Capítulo 1. A UDC en cifras	1	PDI	
Capítulo 2. Órganos de Goberno	3	PAS	
Equipo reitoral		INV	
Claustro		Internacionalización	
Consello Social		Capítulo 6. Xestión económica	115
Valedor Universitario		Evolución do orzamento	
Consello de Goberno		Liquidación do orzamento	
Secretaría Xeral		Capítulo 7. Servizos	119
Xerencia		CUFIE	
Capítulo 3. Área académica	15	Biblioteca Universitaria	
Estrutura		UTC	
Oferta académica		SIC	
Resultados		Servizo de Publicacións	
Seguimento		Extensión Universitaria	
Bolsas e axudas		Servizo de Normalización Lingüística	
Internacionalización		SAI	
Capítulo 4. Área de investigación	87	Rexistro, Documentación e Arquivo	
Estrutura		Asesoría Xurídica	
Proxectos, contratos e financiamento		Cooperación e Voluntariado	
Bolsas e axudas		ADI	
		Centro de Linguas	



Índice de cadros MEMORIA 2019

	Páxina
03 Área académica	
Estrutura	
3.1 Centros e decanos/as e directores/as	16
3.2 Departamentos e directores/as	17
3.3 Escola Internacional de Doutoramento	21
3.4 Universidade Sénior	21
3.5 Centro de Linguas	21
Oferta académica	
3.6 Oferta académica no curso 2019-2020. Graos	22
3.7 Oferta académica no curso 2019-2020. Programas de simultaneidade	23
3.8 Oferta académica no curso 2019-2020. Másteres Universitarios	24
3.9 Oferta académica no curso 2019-2020. Doutoramento	26
3.10 Oferta de titulacións non oficiais e formación complementaria en 2018-2019	27
Resultados	
<i>Ensinanzas oficiais</i>	
3.11 Alumnado da UDC no curso 2019-2020	28
3.12 Evolución da matrícula total na UDC	29
3.13 Alumnado de novo ingreso en graos no curso 2019-2020	29
3.14 Alumnado egresado da UDC en 2018-2019	30
3.15 Alumnado de grao en 2019-2020 por titulación	31
3.16 Alumnado de másteres oficiais en 2019-2020	33
3.17 Alumnado de programas de doutoramento en 2019-2020	35
3.18 Egresados/as en 2018-2019 por titulación. Grao	36
3.19 Egresados/as en 2018-2019 por titulación. Máster	38
3.20 Teses de doutoramento defendidas en 2018-2019 por programas	40
3.21 Matrícula en grao en 2019-2020 por procedencia	41
3.22 Evolución da matrícula nos graos	42
3.23 Evolución da matrícula nos másteres oficiais	44
3.24 Evolución da matrícula nos programas de doutoramento	46
3.25 Evolución do alumnado de novo ingreso por titulación	47
3.26 Evolución do número de graduados/as por titulación	49
3.27 Evolución do número de egresados/as de másteres por titulación	51
3.28 Evolución do número de teses de doutoramento defendidas	53
3.29 Taxas de rendemento, éxito e avaliación en 2018-2019	54
3.30 Taxas de eficiencia, éxito e avaliación de egresados en 2018-2019	56
<i>Ensinanzas non oficiais</i>	
3.31 Matrícula en estudos propios en 2019-2020	58
3.32 Evolución da matrícula na Universidade Sénior en 2019-2020	58
3.33 Matrícula en actividades de formación complementaria en 2018-2019	59

	Páxina
Guías docentes	
3.34 Evolución da implantación de títulos	60
3.35 Evolución do número de títulos implantados	60
3.36 Evolución dos cursos, materias e guías implantados en graos	60
3.37 Evolución da porcentaxe de graos implantados por cursos	61
3.38 Evolución da porcentaxe de guías elaboradas por graos implantados	61
3.39 Evolución dos cursos, materias e guías elaborados en másteres	62
3.40 Porcentaxe de guías elaboradas por cursos de máster implantados	62
Avaliación docente	
3.41 Participación na avaliación docente en 2018-2019	62
3.42 Participación do profesorado na avaliación docente en 2018-2019 por departamento	63
3.43 Participación do alumnado na avaliación docente en 2018-2019 por centro	64
Bolsas e axudas	
3.44 Bolsas do programa xeral e de mobilidade do Ministerio de Educación	65
3.45 Bolsas do Ministerio de Educación para colaboración en departamentos	65
3.46 Bolsas UDC-Santander para estudos de máster	65
3.47 Evolución do número de bolsas propias da UDC	65
3.48 Evolución da contía de bolsas propias da UDC	66
3.49 Bolsas da UDC para situacións de dificultades económicas	66
3.50 Axudas para transporte urbano e metropolitano das áreas da Coruña e Ferrol en 2019-2020	66
3.51 Prazas nas residencias públicas da Coruña e Ferrol en 2019-2020	66
3.52 Premios UDC á Excelencia no Bacharelato en 2019-2020	67
3.53 Evolución do número e contía dos Premios UDC á Excelencia no Bacharelato	67
3.54 Premios extraordinarios fin de grao en 2018-2019	68
3.55 Premios extraordinarios fin de máster no curso 2016-2017	70
3.56 Premios extraordinarios fin de máster no curso 2017-2018	72
3.57 Premios extraordinarios fin de máster no curso 2018-2019	74
3.58 Premios Extraordinarios de Doutoramento en 2017-2018	76
Internacionalización	
3.59 Mobilidade internacional do estudantado da UDC en 2018-2019	76
3.60 Mobilidade internacional do estudantado por centros en 2018-2019	77
3.61 Mobilidade internacional do alumnado por países en 2018-2019	78
3.62 Procedencia do alumnado da Internacional School Summer en 2019	79
3.63 Participación nos programas de mellora das competencias lingüísticas	80
3.64 Participantes no programa de profesorado visitante procedente de países de fala inglesa	80
3.65 Evolución do número de axudas para a internacionalización	80
3.66 Evolución do alumnado estranxeiro matriculado na UDC	80
3.67 Alumnado estranxeiro matriculado en 2019-2020 por nacionalidade	81
3.68 Alumnado estranxeiro matriculado na UDC en 2019-2020 por ciclo	82
3.69 Alumnado estranxeiro matriculado en 2019-2020 por centro	84
3.70 Evolución do profesorado implicado na docencia en inglés	85
3.71 Evolución do número de créditos impartidos en inglés	85
3.72 Evolución do número de estudantes matriculados en titulacións bilingües	86

04 Área de investigación		
Estrutura		
4.1	Institutos de investigación	88
4.2	Centros de investigación	88
4.3	Fundacións participadas pola UDC	88
4.4	Grupos de investigación	89
4.5	Unidades de investigación	92
Proxectos, contratos e financiamento		
4.6	Evolución dos recursos externos captados pola UDC para investigación	93
4.7	Evolución dos recursos captados con proxectos competitivos	93
4.8	Axudas autonómicas a unidades de investigación competitivas	93
4.9	Axudas concedidas polo Ministerio de Economía en 2019 para infraestruturas de investigación	94
4.10	Número de convenios e contratos de investigación da UDC con empresas e administracións públicas	94
4.11	Importe dos convenios e contratos de investigación con empresas e administracións públicas	94
Bolsas e axudas		
4.12	Evolución das bolsas e contratos de investigación	95
Resultados e transferencia		
4.13	Producción da UDC na base de datos Web of Science	96
4.14	Evolución do número de artigos da UDC na base de datos Web of Science	96
4.15	Evolución do número de patentes solicitadas e concedidas	97
4.16	Evolución do software e outros RPI rexistrados	97
4.17	Iniciativas e startups creadas no Viveiro de Empresas da UDC	98
4.18	Evolución do número de sexenios dos corpos docentes universitarios	98
4.19	Sexenios do corpo docente universitario en 2019	98
Centros de investigación		
CITIC		
4.20	Evolución dos recursos captados polo CITIC segundo procedencia	99
4.21	Evolución dos recursos captados polo CITIC segundo tipoloxía do proxecto	99
4.22	Evolución da produción científica e tecnolóxica do CITIC	99
4.23	Evolución do equipo científico e de xestión do CITIC	99
CITEEC		
4.24	Axudas estatais para infraestruturas e equipamento do CITEEC en 2019	100
4.25	Proxectos de investigación con soporte no CITEEC	100
4.26	Convenios con empresas con soporte no CITEEC	100
4.27	Comparativa da evolución de proxectos de investigación e convenios con empresas no CITEEC	101
4.28	Evolución do total de proxectos e convenios con soporte no CITEEC	101
4.29	Evolución do financiamento de proxectos e convenios con soporte no CITEEC	102
4.30	Grupos de investigación vencellados ao CITEEC en 2019	102
4.31	Financiamento captado para a Agrupación Estratéxica do CITEEC (A-CITEEC)	102
CIT		
4.32	Principais cifras do CIT en 2019	103
4.33	Evolución do número de proxectos de investigación no CIT	103
4.34	Evolución do orzamento executado polos grupos do CIT	103

	Páxina
4.35 Evolución do número de contratos de asistencia técnica do CIT	104
4.36 Evolución do número de empresas con que traballaron os grupos do CIT	104
CICA	
4.37 Evolución das principais cifras do CICA	105
4.38 Evolución do número e o importe dos proxectos do CICA	105
4.39 Evolución do número e o importe dos contratos e convenios do CICA	105
05 Recursos humanos	
Persoal docente e investigador (PDI)	
5.1 Profesorado a 31 de decembro de 2019 por categoría, sexo e dedicación	108
5.2 Persoal docente e investigador segundo réxime xurídico en 2019	108
5.3 PDI doutor por centro en 2019	109
5.4 Evolución do corpo docente universitario	110
Persoal de administración e servizos (PAS)	
5.5 PAS funcionario por escala, grupo e sexo en 2019	110
5.6 Evolución do PAS por tipo de persoal	110
5.7 Nomeamentos e convocatorias de PAS en 2019	111
Persoal investigador (INV)	
5.8 Persoal investigador por sexo e categoría en 2019	112
5.9 Evolución do número de administrativos contratados en proxectos de investigación	112
5.10 Evolución do persoal técnico de apoio contratado en proxectos de investigación, por sexo	112
Internacionalización	
5.11 Evolución da mobilidade do PAS	113
5.12 Evolución do número de participantes en Erasmus STT (formación)	113
5.13 Evolución da mobilidade do PDI do programa Erasmus STA	114
5.14 Evolución do número de investigadores visitantes	114
06 Xestión económica	
Evolución do orzamento	
6.1 Evolución xeral do orzamento da UDC	116
6.2 Evolución do orzamento da UDC por capítulos	117
Liquidación do orzamento	
6.3 Liquidación do estado de ingresos do exercicio 2018	118
6.4 Liquidación do estado de gastos do exercicio 2018	118
07 Servizos	
Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa	
7.1 Formación virtual e a distancia no curso 2018-2019	120
7.2 Programas de apoio ao ensino no curso 2018-2019	120
7.3 Participación nos cursos de apoio á aprendizaxe	120
7.4 Participación no Plan de apoio ao doutoramento e a investigación	120
7.5 Evolución do número de proxectos e experiencias de aprendizaxe-servizo presentados	121
7.6 Grupos de innovación educativa presentados	121
7.7 Cursos MOOC da UDC impartidos en 2018-2019	121
Biblioteca Universitaria	
7.8 Evolución do gasto total en fondos bibliográficos e documentais 2015-2019	122

	Páxina
7.9 Evolución do investimento da UDC en revistas e bases de datos 2015-2019	122
7.10 Gasto en adquisicións de monografías e outros materiais por centros en 2019	122
7.11 Evolución de usuarios, persoal e instalacións da Biblioteca Universitaria 2015-2019	123
7.12 Evolución das coleccións e dos recursos da Biblioteca Universitaria 2015-2019	123
7.13 Evolución do uso de servizos da Biblioteca Universitaria 2015-2019	124
7.14 Evolución dos indicadores básicos da Biblioteca Universitaria 2015-2019	124
7.15 Evolución do número de usuarios por sectores 2015-2019	124
Unidade Técnica de Calidade	
7.16 Informes anuais de seguimento por título presentados e recibidos	125
7.17 Graos e másteres universitarios da UDC ou que coordina esta que renovaron a súa acreditación en 2019	125
7.18 Centros que obtiveron a acreditación institucional no ano 2019	125
7.19 Informes anuais de seguimento institucional presentados e recibidos	125
7.20 Participación do profesorado na VIII convocatoria do Programa Docencia	126
7.21 Títulos que obtiveron o selo de calidade internacional EUR-ACE no ano 2019	126
7.22 Certificacións e acreditacións por normas ISO en 2019	126
Informática e Comunicacóns (SIC)	
7.23 Evolución da actividade do Servizo de Informática e Comunicacóns	127
Servizo de Publicacións	
7.24 Evolución do número de publicacións da UDC	130
7.25 Evolución do intercambio de libros e revistas	130
7.26 Evolución da venda de libros do Servizo de Publicacións	130
Extensión Universitaria	
7.27 Modalidades e participantes nas ligas deportivas internas universitarias en 2019	131
7.28 Participación de deportistas da UDC nos Campionatos Universitarios de España en 2019	131
7.29 Actividades subvencionadas pola Oficina de Cursos en 2019	131
7.30 Asistencia aos campamentos infantís en 2019	131
Servizo de Normalización Lingüística	
7.31 Asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística en 2019	132
7.32 Cursos de lingua para profesorado en 2016-2019	132
7.33 Axudas á investigación en lingua galega en 2019	132
7.34 Evolución das axudas a traballos de investigación en galego	132
Servizo de Apoio á Investigación	
7.35 Evolución do número de mostras segundo o tipo de usuario	133
7.36 Distribución porcentual das mostras do SAI en 2019 segundo o tipo de usuario	133
7.37 Distribución das mostras recibidas no SAI segundo departamentos en 2019	134
Rexistro, Documentación e Arquivo	
7.38 Asentos realizados polo Rexistro en 2019	135
7.39 Asentos realizados polo Rexistro electrónico en 2019	135
7.40 Certificados FNMT rexistrados en 2019	135
Asesoría Xurídica	
7.41 Apuntamentos no ano 2019	136
7.42 Procedementos iniciados e finalizados en 2019	136
7.43 Resolucións finalizadoras dos procedementos en 2019	136

	Páxina
7.44 Orde xurisdiccional contencioso-administrativa en 2019	137
7.45 Orde xurisdiccional social en 2019	138
7.46 Evolución do número de procedementos 2015-2019	139
7.47 Actuacións da Asesoría Xurídica en 2019	140
Cooperación e voluntariado	
7.48 Voluntariado por proxectos no campus da Coruña en 2019	141
7.49 Voluntariado por proxectos no campus de Ferrol en 2019	141
Unidade de Atención á Diversidade	
7.50 Número de beneficiarios e importe das exencións de taxas por discapacidade	142
7.51 Evolución do alumnado con exención de taxas por discapacidade e atendido polo ADI	142
7.52 Evolución das bolsas da UDC para alumnado con discapacidade	142
7.53 Estudantes en prácticas na Unidade de Atención á Diversidade	142
7.54 Actividades da Aula de Formación en Diversidade 2018-2019	143
Centro de Linguas	
7.55 Estudantes matriculados no Centro de Linguas en 2019	143
7.56 Estudantes de linguas estranxeiras en 2019 por linguas	143
7.57 Estudantes de linguas estranxeiras en 2019 por campus	144
7.58 Candidatos ás probas de certificación de nivel ACLES en 2019	144

Introdución

No momento de lle presentar ao Claustro a memoria anual de xestión correspondente ao ano 2019 e de resumir un ano de actividades *normais* nos nosos campus da Coruña e Ferrol, cómpre facer un esforzo engadido para se abstraer do contexto actual, en que estamos a sufrir as graves consecuencias da pandemia ocasionada pola covid-19.

Daquela, debo comezar por dicir que 2019 foi na UDC **un ano positivo, un ano de estabilidade e de progreso**. Ou, se se prefire, positivamente normal no seu desenvolvemento, tanto no ámbito estritamente académico coma no científico e no da transferencia de coñecemento.

Nos cadros incluídos nesta memoria recóllense os datos precisos en que se cuantifican os resultados da xestión e da actividade universitaria na medida en que son cuantificables, pois, loxicamente, non toda a información é susceptible de se traspoñer a cifras e táboas.

Foi o ano no que apuramos as xestións para botar a andar o proxecto da **Cidade das TIC**, que promove a Universidade da Coruña co apoio das empresas do sector e das administracións públicas. Presentámosllo ás principais institucións, ás empresas vinculadas ás tecnoloxías da información e das comunicacións, ás entidades cidadás e aos líderes dos principais partidos concorrentes ás eleccións municipais celebradas o 26 de maio.

Por suposto, deuse a información pertinente a través do gabinete de comunicación en medios e redes sociais, e moi particularmente nas reunións que, acompañado por membros do meu equipo

de goberno, fomos facendo en todas e cada unha das nosas facultades e escolas, ademáis de reunións específicas cos seus decanos/as e directores/as, cos directores e directoras de departamentos e cos coordinadores/as dos campus de especialización.

Nos primeiros días do ano presentámoslle á Secretaría de Estado de Defensa a nosa proposta para que a cesión de terreos da antiga fábrica de armas da Coruña nos permitise crear **un polo de innovación** coa confluencia dos investigadores e investigadoras da UDC e as empresas TIC da área metropolitana da Coruña.

O Ministerio de Defensa acolleu moi ben a iniciativa e comprometeuse a comezar axiña os estudos e os trámites legais correspondentes para habilitar a cesión do espazo solicitado por un prazo inicial de cincuenta anos.

Dada a transcendencia do proxecto, non só para a Universidade da Coruña, senón tamén para a área metropolitana e para Galicia, mobilizamos os maiores esforzos para axilizar o proxecto en todas as súas vertentes: universitaria, política, económica e social. O obxectivo: **dispoñer dos terreos en 2020** e dar os primeiros pasos para a posta en marcha da Cidade das TIC, particularmente vinculada ao Campus Innova.

Pola súa importancia simbólica e de proxección estatal da UDC, quero salientar tamén que o noso Paraninfo acolleu a apertura oficial do curso 2019-2020 no sistema universitario español, nun **acto presidido polo rei Felipe VI** que contou coa presenza, entre outras autoridades e convidados/as, de trinta reito-

res dos campus españois. A lección inaugural, sobre intelixencia artificial, foi impartida pola profesora da Facultade de Informática, Amparo Alonso Betanzos.

Neste ámbito da actividade institucional de 2019 inscríbese, así mesmo, a organización e convocatoria das **eleccións a reitor** nun proceso desenvolto, de novo con exemplar normalidade e respecto, entre novembro e decembro. Presentáronse dúas candidaturas, una encabezada polo profesor Fernando Martínez Abella e outra por min mesmo, que foi a que contou co apoio maioritario da comunidade universitaria.

Ao longo do ano consolidáronse os tres campus especializados creados nos meses anteriores (**Campus Industrial, Campus Sustentabilidade e Campus Innova**), mentres se mantiñan estables os datos da matrícula de alumnado de grao (**13.581 estudantes**) e de doutoramento (**1.186**) e medraban de xeito considerable os dos 53 másteres (**2.065**), que acusan un crecemento do **50%** nos últimos cinco anos.

A xestión do meu equipo de goberno aséntase sobre liñas transversais de calidade e procura da excelencia. Na política académica, orientada a darlles resposta con garantías ás necesidades educativas e culturais, presentes e futuras, da nosa sociedade.

Un bo exemplo son as novas titulacións de grao, implantadas a partir do curso 2018-2019 e que destacan por ser pioneiras no SUG polas competencias que outorgan ao estudantado, pola súa avanzada xestión académico-administrativa, polas metodoloxías empregadas e pola vinculación aos campus de especialización da UDC.

Isto mesmo pódese aplicar á nosa política científica, enfocada á especialización marcada pola excelencia e o aliñamento coas estratexias europeas, estatais e rexionais, ou mesmo á política de estabilización e promoción do profesorado ou de retención e captación de talento.

■ Novos graos

En 2019-2020 puxemos en marcha no Campus Industrial de Ferrol o **primeiro grao dual do sistema universitario galego**, o grao en Enxeñaría Eléctrica, cuxos estudantes terán a oportunidade de cursar o seu cuarto curso integramente na empresa.

Así mesmo, comezamos a impartir tres novos graos: **Creación Dixital, Animación e Videoxogos; Ciencia e Enxeñaría de Datos, e Xestión Dixital da Información e Documentación**, integrados dentro do Campus Innova. En conxunto, ofertáronse **38 graos e sete programas de simultaneidade**.

Por outro lado, o Consello de Goberno acordou en abril a desascrición da EU de Turismo e a creación dun **novo centro propio para impartir a titulación de Grao en Turismo**, que se instalará no mesmo edificio que a Facultade de Filoloxía.

Canto ao doutoramento, o noso catálogo incluía **37 programas** e defendéronse 102 teses, cun incremento de máis do 14% sobre o ano anterior e balance equilibrado por xéneros. Quero destacar que a metade das teses recibiron a **Mención Internacional**, un obxectivo que alcanzamos grazas fundamentalmente ás estadías para doutorandos que financia o **programa Inditex-UDC**.

Estamos en fase de consolidación da estrutura completa de titulacións. A avaliación continua do impacto das novas actividades e a adaptación aos cambios normativos e ás necesidades organizativas foi posible pola plena implicación dos equipos directivos de escolas e facultades, da Escola Internacional de Doutoramento e da comunidade universitaria no seu conxunto.

Cómpre tamén unha referencia á oferta de estudos complementaria a través de títulos propios, da Universidade Sénior e dos cursos MOOC. Rexistramos unha alta participación de empresas e institucións nos

títulos propios, de clara orientación profesional e unha moi boa acollida, tanto nacional como internacional, aos dous cursos MOOC que impartimos en 2019.

Polo que atinxe á **Universidade Sénior**, xa cun milleiro de estudantes matriculados, decidimos poñer en marcha un programa de formación específica para o alumnado egresado, que demanda continuidade nas súas actividades formativas. Estamos ampliando a docencia da Sénior a poboacións da área de influencia da UDC. Logo de estendela a Betanzos e a Costa da Morte en 2018, comezamos andaina este ano **nas Pontes**.

■ Calidade

Impulsando a implantación dos sistemas de garantía de calidade conseguimos que todos os centros xa teñan os certificados. Oito centros obtiveron a Acreditación Institucional. Promovemos a obtención dos selos europeos de acreditación de títulos EURO-ACE e EURO-INF a través do programa Acredita Plus, da ANECA, cos que xa contan os graos en Tecnoloxía da Enxeñaría Civil e Enxeñaría de Obras Públicas.

Na oitava convocatoria do programa Docentia **avaliáronse 92 docentes**, dos que case un 99% recibiron unha valoración final de excelente ou notable. Igualmente, a finais de ano certificáronse **78 grupos de innovación docente**, con 773 integrantes, cuxa actividade foi avaliada favorablemente por unha comisión de expertos en innovación educativa. O Centro Universitario de Formación e Innovación actualizou os plans de formación de PDI, estudantes e alumnado novel e lanzou unha nova convocatoria de proxectos de aprendizaxe-servizo que deu como resultado a certificación de **23 proxectos**.

■ Investigación

A boa tendencia na produción científica rexistrada en ISI Web of Science expresouse no feito de que

cos 1.106 artigos de 2019 **superamos por primeira vez o listón significativo dos mil rexistros**, unha tendencia reflectida tamén nun aumento da calidade das publicacións de artigos no primeiro cuartil.

Incrementouse a captación de recursos externos para investigación en convocatorias competitivas e situouse nos **6,2 millóns de euros**, cifra á que lle temos que engadir os preto de tres millóns captados para infraestruturas de centros, institutos e agrupacións e 1,36 millóns de euros conseguidos nas axudas da Secretaría Xeral de Universidades para grupos de referencia competitiva e de potencial crecemento.

Consolidamos a Unidade Mixta de Investigación UDC-Navantia e o proxecto *Estaleiro 4.0, o estaleiro do futuro*, que neste 2019 conseguiu con éxito un total de **14 accións de investigación conxunta**, o que supuxo a contratación de vinte novos investigadores.

No eido da transferencia de investigación e da tecnoloxía da investigación ao tecido industrial, quero salientar os **225 contratos con empresas e administracións públicas** asinados por investigadores e investigadoras da UDC (a maioría xestionados pola Fundación Universidade da Coruña), cun importe de preto de 4,7 millóns.

O traballo dos catro centros de investigación da UDC estase orientando a alcanzar o recoñecemento que a Xunta concede, previa convocatoria competitiva, a agrupacións estratéxicas e centros de investigación.

O CITIC captou máis de catro millóns en convocatorias competitivas, axudas para infraestruturas e recursos humanos de I+D+i competitivos. Pola súa parte, o **CITEEC** conseguiu máis de 1,6 millóns de euros en axudas estatais para infraestruturas e equipamento e case outros tres millóns en convenios e proxectos. Os 20 proxectos desenvolto en 2019 con soporte neste centro de investigación supoñen a cifra máis alta desde a súa creación.

O **CIT** de Ferrol baixou o número de proxectos executados, pero o volume de recursos captados medrou un **30%** con respecto ao ano anterior. No tocante ao **Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA)**, o número de proxectos activos subiu a 46 (había 42). É moi destacable o feito de que se pasase de 11 proxectos novos en 2018 a **19** en 2019, cun incremento que vai dos 1,7 aos **4,3 millóns de euros**.

A este último centro está adscrita a investigadora do **programa Intalent UDC-Inditex**, Elena Pazos, que conseguiu unha axuda Starting Grant de 1,5 millóns. Á terceira convocatoria do **programa Intalent presentáronse 106 solicitudes**, cifra que dá idea do seu prestixio e da súa proxección internacional na recuperación de talento. A OCDE considéralo un caso de éxito nas relacións da universidade coa empresa.

Neste ámbito das relacións universidade-empresa, non quero esquecer a creación de **cinco novas cátedras**: Aldaba Wib, Epifanio Campo, Hijos de Rivera-UDC de Desenvolvemento, Protección Civil e Emerxencias (coa mancomunidade de concellos da comarca de Ferrol) e Cátedra de Internacionalización de Estudos Luis Fernández Somoza.

■ Orzamento

O orzamento da UDC para 2019 foi de **129,97 millóns de euros**, cantidade que supuxo un **incremento do 5,41%**. O gasto corrente do capítulo I aumentou un 4,58% ata chegar aos 96,421 millóns (un 74,19% do total).

Produciuse un incremento dos gastos correntes (6,22%) motivado polo aumento en partidas para mantementos de equipos de investigación e informáticos, seguridade, actividades culturais e deportivas, axudas en bonobuses, etcétera.

Outro capítulo que medrou foi o dos **investimentos reais (8,71% do total)**. Pasaron de algo menos

de 10 millóns en 2018 a máis de 11,3 este ano. As transferencias correntes ascenden a 4,7 millóns e o fondo de continxencia (0,35 millóns) non variou. Por último, cómpre indicar que os ingresos por taxas, prezos públicos e outros ingresos, que representan un 13% do total, rexistraron un lixeiro incremento, ata achegarse case aos 17 millóns de euros.

As restricións orzamentarias da Xunta, no tocante a infraestruturas, dificultan enormemente a atención ás necesidades de reparacións, reformas, rehabilitación e conservación, pois por este concepto a Universidade da Coruña só recibiu algo máis de un millón de euros, a todas luces, insuficiente.

Daquela, as intervencións do Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos centráronse, como vén sendo común nos últimos anos, en tarefas de mantemento e reparación de edificios e do espazo público. As máis importantes fixéronse na Residencia Elvira Bao, na Facultade de Humanidades (habilitación de aulas para impartir o novo grao en Moda), Reitoría, ETS de Arquitectura, Socioloxía e CC da Comunicación, ESCI, CICA e CITEEC, entre outros.

Uns días antes de comezar o verán asinamos co Ministerio de Defensa o convenio de cesión das **instalacións da antiga Residencia Oficial de Batallóns, en Ferrol**, para o seu uso universitario. Este edificio de Esteiro, nas inmediacións do propio campus, está na situación ideal para ampliar o Campus Industrial de Ferrol e sacar adiante os proxectos que temos en marcha ligados ás novas titulacións.

Faise a cesión por cinco anos, con opción de compra. O edificio consta de semisoto, planta baixa e dous andares, cunha superficie construída por planta de 261 metros cadrados.

Co mesmo obxectivo, ampliar o Campus Industrial de Ferrol, a UDC mercoulle ao Ministerio de Defensa, por un importe de 1,2 millóns de euros

para pagar en dez anos, **unha parcela de 1.500 metros cadrados** na avenida de Esteiro. No futuro prevese construír nela a sede do Campus Industrial, así como laboratorios doutras zonas do campus no marco dunha remodelación de Esteiro que permita trasladar a Escola Universitaria Politécnica a esta zona universitaria.

■ Profesorado

As políticas de acceso e promoción do persoal docente e investigador mantiveron a senda da normalización dos últimos anos, aínda que seguen condicionadas por un marco normativo e económico restritivo.

A lei de acompañamento dos orzamentos xerais do Estado permitiu engadir de novo as prazas en excessencia sen reserva de posto de traballo que se producen cando cada promoción é efectiva, polo que a oferta de emprego público do persoal docente e investigador da nosa universidade se ampliou a **84 prazas** (28 máis que no ano anterior): **22** de catedráticos/as de universidade, **36** de titulares e **26** de contratados doutores/as.

É destacable que se destinaron **14 prazas** de profesorado contratado doutor para a estabilización de profesorado axudante doutor que rematou o seu contrato en 2019, mentres que **38 prazas de titulares** se reservaron para profesores e profesoras contratados doutores, un colectivo que presentaba un elevado tempo de agarda para ver atendidas as súas expectativas de promoción.

Tamén se puxo en marcha o programa de retención e captación de talento, para o que se destinaron cinco prazas de profesorado contratado doutor para investigadores/as captados mediante o programa Intalent e para acreditados/as a titular de universidade sen praza estable. Outras dez prazas de contratados e titulares empregáronse para incorporar

persoal investigador doutor que finalizase o programa Ramón y Cajal.

A principal dificultade da nosa política de profesorado radica, ademais das restricións lexislativas, nos problemas para o mantemento da masa salarial por mor, fundamentalmente, do incremento de trienios e quinquenios, así como de sexenios de investigación e complementos autonómicos. O capítulo I sitúase un ano máis no límite dos custos de persoal que fixan as leis.

Este contexto condiciona a contratación de novo persoal, co conseguente escenario de falta de renovación e de inestabilidade para todo tipo de proxectos. O noso esforzo céntrase en minimizar os efectos dese contexto adverso, mantendo estable o número de efectivos, priorizando a estabilización do persoal formado con éxito na nosa universidade e maximizando as posibilidades de promoción despois do bloqueo imposto entre 2012 e 2016.

■ Internacionalización

Canalizamos o proceso de internacionalización –estratéxico, como é sabido, para a UDC– apoiándonos tanto nas accións de mobilidade (programa Erasmus +) como mediante fondos propios ata chegar ao financiamento do 100% das solicitudes de mobilidade.

En 2019 medrou a mobilidade de estudantes entrantes (de Alemaña, Italia e Francia, sobre todo) e mantivéronse as cifras de estudantes saíntes, que teñen Romanía e Polonia como destinos preferentes.

O esforzo a prol da internacionalización dos nosos campus pasa tamén por outras accións de medio e longo prazo. Refírome, por exemplo, a actividades como as que desenvolve a **International Summer School**, ás convocatorias de internacionalización na casa ou ao **programa PALDI**, con medidas para promover a docencia en inglés. Outro ámbito en que se

están a alcanzar resultados moi satisfactorios é no da promoción de titulacións internacionais, ben sexan conxuntas ou duplas, que supoñen un valor engadido para o estudantado e para o profesorado.

■ Alumnado

No comezo desta introdución apuntei os datos xerais de matrícula, unha información que, como nas memorias dos anos anteriores, se detalla polo miúdo nos cadros do capítulo terceiro. En xuño abríronse algúns centros en xornadas de portas abertas para que futuros estudantes e familias coñecesen de primeira man todo o que a UDC lles ofrece en estudos e infraestruturas, ao tempo que se creou a web **“Futuros Estudantes”** para agrupar toda a información do seu interese. A participación en feiras universitarias (presenciais e virtuais) e as xornadas informativas anuais son mecanismos de difusión da oferta ordinaria da UDC.

Esa oferta complementouse coa **habilitación ao 100% da residencia Elvira Bao** e con iniciativas para facilitar a igualdade de oportunidades, como o incremento nun **24%** das axudas para o transporte. Ou, no caso da atención á diversidade, respondendo ás **solicitudes de adaptación de 42 estudantes**, todos eles con discapacidade ou con necesidades específicas de apoio educativo.

Do mesmo xeito que facilitamos a integración, procuramos abrir canles novas de participación do alumnado en actividades académicas ou extra académicas. Así, dámoslles a importancia que merecen ás iniciativas para **facilitar a empregabilidade**. Ademais dos **626 convenios** asinados con empresas, institucións e entidades diversas para a realización de prácticas, organizamos encontros como o **Foro Avanza** (charlas informativas, formación e encontros relacionados coa inserción laboral do alumnado egresado) ou o programa *Mellora da empregabilidade nos centros da UDC*.

Neste sentido, o Observatorio Ocupacional realizou **unha mostraxe sobre as características do emprego dos egresados e egresadas** que concluíron os seus estudos de grao ou máster no curso 2014-2015. Case o 70% dos graduados/as fixo prácticas laborais e unha cifra semellante declara ter un emprego relacionado cos seus estudos (o 80% en Galicia). O 56% dos egresados/as tardou menos de sete meses en atopar o primeiro emprego. O 35% dos egresados/as dos másteres xa tiña un emprego antes de rematar os estudos e o 42% botou menos de sete meses para atopar o primeiro emprego.

A participación do alumnado tamén é a base da acción da Oficina de Medio Ambiente en iniciativas, para sensibilizar e adecuar a xestión ordinaria dos campus a parámetros de **sustentabilidade**. Esa sensibilización traducíuse xa en accións concretas que levaron a doce dos nosos centros docentes a lucir a **certificación ambiental Bandeira Verde** e a que a UDC siga a subir postos na clasificación internacional GreenMetric, que avaliou en 2019 os esforzos de sustentabilidade ambiental de case 800 universidades de todo o mundo. Ocupamos agora o **posto 85**.

Nas iniciativas de cooperación e voluntariado engadíuse este ano un amplo programa de accións formativas e de sensibilización, no que sobresaí o traballo a prol do coñecemento dos **Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable** por parte da comunidade universitaria.

O 2019 foi un ano “normal”. Congresos, seminarios, coloquios, conferencias e outros tipos de eventos desenvolvéronse coa dinámica habitual de todos os anos. A título de exemplo, sirvan, no terreo académico e científico, os 39 seminarios especializados vinculados coas novas titulacións do Campus de Ferrol ou, no eido cultural, a organización dos Encontros de Música e Artes Escénicas, experiencia para compartir a actividade artística das seis universidades públicas da eurrerrexión Galicia-Norte de Portugal.


En materia de publicacións, editáronse **36 novos volumes** en formato papel e/ou electrónico. Porén, o incremento máis considerable durante este ano foi o de publicacións dixitais no repositorio oficial (RUC), ao tempo que comezou a publicación dixital de libros do noso catálogo, editados anteriormente en papel.

A Secretaría Xeral incorporou algúns ámbitos de traballo novos, entre os que destaca o impulso dado á protección de datos co nomeamento dunha profesora de Dereito como adxunta responsable desta materia. Por outra parte, a UDC asinou en total **852 convenios** por un importe de 6,8 millóns e completouse a plena implantación do rexistro único electrónico.

E antes de pechar esta introdución, coido oportuno lembrar que o Claustro de doutoramentos *honoris causa* honrouse coa incorporación de dous novos doutores e unha doutora, egrexios académicos e científicos, referentes nos seus ámbitos de especialización: **David Uzzell** (psicoloxía ambiental), **Denise Gastaldo** (enfermaría e saúde pública) e **Enrique Orts** (dereito penal).

Julio Abalde Alonso

Reitor da Universidade da Coruña





01A UDC en cifras / 2019

A UDC en cifras / 2019

	2019	2018
Orzamento	129.967.323	123.294.723
Centros	24	24
• Facultades	14	14
• Escolas técnicas superiores	4	4
• Escolas universitarias propias	3	3
• Escolas universitarias adscritas	3	3
Departamentos	26	26
Institutos	8	8
Centros tecnolóxicos de investigación	4	4
Titulacións oficiais (graos e másteres)	92	95
• Graos	40	39
• Másteres	52	56
Programas de simultaneidade	7	7
Programas de doutoramento	37	36
Títulos propios de posgrao	34	40
Persoal docente e investigador (PDI)	1.408	1.393
Persoal de administración e servizos (PAS)	797	799
Ratio PDI por cada PAS	1,77	1,74
Matrícula total (grao + máster + doutoramento)	16.832	16.847
Estudiantes de grao	13.581	13.681
• Campus da Coruña	11.612	11.724
• Campus de Ferrol	1.969	1.957
Alumnado de novo ingreso en grao	3.225	3.185
Estudiantes de másteres	2.065	1.976
Estudiantes de doutoramento	1.186	1.190
Estudiantes en títulos propios	261	261
Titulados/as en graos oficiais	2.061	2.070
Titulados/as en másteres oficiais	969	900
Mobilidade estudantes saíntes	461	389
Mobilidade estudantes entrantes	647	679
Ratio n.º estudantes por cada PAS	19,60	19,60
Ratio n.º estudantes por cada PDI	11,24	11,24
Alumnado da Universidade Sénior	985	940
Grupos de investigación	117	117
Proxectos de investigación competitivos	46	30
Convenios/contratos de investigación	225	273
Financiamento externo para investigación	11.332.424	12.176.857
Patentes tramitadas	7	9
Rexistros de software	10	15
Teses de doutoramento	102	89
Gasto en fondos bibliográficos e documentais	2.400.297	2.297.957
Alumnado do Centro de Linguas	971	1.481
Número de convenios asinados	852	933




02 Órganos de Gobierno

ÍNDICE

páxina

• Equipo reitoral.....	4
• Claustro.....	5
– Principais acordos do Claustro Universitario.....	7
• Consello Social.....	8
• Valedor Universitario	8
• Consello de Goberno.....	9
– Principais acordos do Consello de Goberno	10
• Secretaría Xeral.....	13
• Xerencia	13



Equipo reitoral

Reitor

Julio Ernesto Abalde Alonso

URL

<http://www.udc.es/reitor>

Vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria

Margarita Amor López

URL

http://www.udc.es/goberno/equipo_reitoral/vepeu/

Correo-e

vepeu@udc.gal

Vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia

Salvador Naya Fernández

URL

http://www.udc.es/goberno/equipo_reitoral/vpcit/

Correo-e

vpcit@udc.gal

Vicerreitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade

Domingo Calvo Dopico

URL

http://www.udc.es/goberno/equipo_reitoral/veis/

Correo-e

veis@udc.gal

Vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente

Alberto Valderruten Vidal

URL

http://www.udc.es/goberno/equipo_reitoral/vppd/

Correo-e

vppd@udc.gal

Vicerreitora de Internacionalización e Cooperación

Pilar García de la Torre

URL

http://www.udc.es/goberno/equipo_reitoral/vic/

Correo-e

vic@udc.gal

Vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente

Nancy Vázquez Veiga

URL

http://www.udc.es/goberno/equipo_reitoral/voaid/

Correo-e

voaid@udc.gal

Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social

Araceli Torres Miño

URL

http://www.udc.es/goberno/equipo_reitoral/vcfrs/

Correo-e

vcfrs@udc.gal

Claustro Universitario

Membros natos	Montserrat Durán Bouza	María Jesús Movilla Fernández
Reitor	David Esteban Gómez	Fermín Luis Navarrina Martínez
Julio E. Abalde Alonso	María Graciela Estévez Pérez	Horacio Naveira Fachal
Secretario xeral	José Manuel Estévez Saá	Salvador Naya Fernández
Carlos Aymerich Cano	Ángel José Fernández Álvarez	María Cristina Naya Riveiro
Xerente	Manuel Fernández Ferreiro	Marcos Ortega Hortas
Ramón del Valle López	María Isabel Fernández Ibáñez	Laura Oso Casas
Representantes dos profesores doutores con vinculación permanente	Alberto Ángel Fernández López	María Dolores Otero Chans
María Esperanza Acín Villa	Nuria Fernández Rodríguez	María Victoria Otero Piñeiro
Carlos María Camilo Agrasar Cruz	Jesús José Fernández Sánchez	José París López
Fernando Agrasar Quiroga	Mario Francisco Fernández	Gustavo Paseiro Ares
Natalia Álvarez Lata	María del Pilar García De La Torre	Antonio Paz González
Carlos Alberto Amoedo Souto	Moisés Alberto García Núñez	Alejandro Celestino Pazos Sierra
Margarita Amor López	Rafael García Pérez	Óscar Pedreira Fernández
Adriana Ivette Ávila Álvarez	Manuel Alberto Gómez Suárez	Luís Pena Mosquera
José Manuel Barreiro Viñán	Luis González García	Manuel Peralbo Uzquiano
Olalla Bello Rodríguez	Manuel Francisco González Penedo	Beatriz Pérez Sánchez
María de los Ángeles Bernal Pita Da Veiga	María González Taboada	Juan Bautista Pérez Valcarcel
Amalia Blanco Louro	Anne Marie Elisabeth Gosset	Gilberto Pérez Vega
Félix Sergio Blázquez Lozano	Santiago Hernández Ibáñez	María Inés Pernas Alonso
Marta Bobo Arce	Manuel Francisco Herrador Barrios	Manuel Pimentel Pereira
José Manuel Busto Lago	Luis María Hervella Nieto	Andrés José Piñón Pazos
Fidel Cacheda Seijo	Susana Iglesias Antelo	Carlos Platas Iglesias
Domingo Javier Calvo Dopico	María Amalia Jácome Pumar	Federico Pomar Barbeito
José Luís Calvo Rolle	Susana Ladra González	Luz María Puente Aba
Juan Cámara Ruíz	Carmen Socorro Lema Fernández	María Carlota Rey Graña
Carolina Camba Fabal	María José Lombardía Cortiña	Fernando Alberto Rey Míguez
Moisés Canle López	María Teresa López Fernández	Carmen Rioboo Blanco
María Concepción Carreiro Otero	Joaquín Cayetano López Lago	Ángel Daniel Rodríguez Arós
Xosé Manuel Carril Vázquez	María Jesús Lorenzo Modia	María Magdalena Rodríguez Fernández
Luis Castedo Ribas	Felipe Louzán Lago	Beatriz Rodríguez Romero
Pablo Castellanos García	Emilio Martín Gutiérrez	Santiago Rodríguez Yáñez
Socorro Castro García	Fernando Martínez Abella	Juan Jesús Romero Cardalda
Laura Milagros Castro Souto	Montserrat Martínez Cebeira	Paolo Rungo
Ignacio Colominas Ezponda	Sandra Martínez Costa	Ana Sánchez Bello
Adriana Dapena Janeiro	María Isabel Martínez Lage	María Noelia Sánchez Maroño
Narciso Antonio De Gabriel Fernández	Rosa María Meijide Faiñde	Juan Manuel Sánchez Quinzá Torroja
Vicente Díaz Casás	María Fernanda Miguélez Pose	Xosé Manuel Sánchez Rei
José Díaz Varela	Marcos Míguez González	Sergio Eduardo Santos Del Riego
Montserrat Domínguez Pérez	Jesús Mirás Araujo	Amparo Dolores Seijas Díaz
Xurxo Dopico Calvo	Isabel Sofía Moskowich-Spiegel Fandiño	Araceli Serantes Pazos
	Estefanía Mourelle Espasandín	María José Servia García

María Elena Sierra Palmeiro	María Mercedes Regueiro Diehl	Xaime Pardal Cardama
Valentín Balbino Souto García	María Martínez Pérez	José Antonio Pareja Sequeiro
Juan Alberto Sucasas Peón	Carlos Fernández Lozano	Damián Pazos Taboada
Obdulia Taboadela Álvarez	Pablo José Guillemette López	Sandra Pereira Veiga
María José Tobar Vidal	Lúa Samantha Pena Peña	Alberto Pérez Rey
Enrique Juan De La Torre Fernández	Representantes dos estudantes	Olalla Picallos Alló
María Araceli Torres Miño	Alicia Acosta Borrás	Álvaro Pirola Lorenzo
Juan Touriño Domínguez	Abel Aguilar Rodríguez	Martín Rey Furelos
José Luís Tuimil López	Ana Amatria Barral	María Raquel Rey Rodríguez
Nuria Esther Varela Feal	María Bañón Goiriz	Marc Rodríguez Consentino
Francisco Alberto Varela García	Andrés Barberán Grimaldi	Simón Rodríguez Teixeira
José Antonio Vázquez Rodríguez	María Alejandra Barrul Fuentes	Gemma Rojo López
Nancy Josefina Vázquez Veiga	Jonatan Bermúdez Marín	Sara Román Carracedo
Concepción Vidal Martín	Erea Blanco Gallego	Uxía Hadaly Romero Bouzas
Armando José Yáñez Casal	Víctor Blanco Tarela	Ara Sol Romero Vázquez
María Sonia Zaragoza Fernández	Lydia María Bouzas Rodríguez	Raquel Saavedra Fernández
Representantes das restantes categorías do persoal docente e investigador	Antonio Bretón Fernández	Carlos San Claudio Yáñez
Ana María Díaz Díaz	Ignacio Cadrecha Paz	Paula Urones Cuesta
Cristóbal Crespo González	Nerea Carabel Rodríguez	Ernesto Vázquez-Rey Farto
Mari Luz Paz Agrad	Carmela Carrillo García	Alba Vila Veiga
Paula María Fernández-Gago Longueira	Rebeca Castro Doval	Representantes do persoal de administración e servizos
Ana María Vázquez González	Manuel Castro Guizán	María José Barreiro González
Iván Couceiro Aguiar	Sergio Couñago Domínguez	Javier Blanco Conde
Rafael Santos Couceiro	Ignacio Delgado Ferreiro	Alicia María Cantarero Roldán
Manuel González Sarceda	José Joaquim de Moura Ramos	Susana Carballal Graña
Esteban Jove Pérez	Cecilia Diéguez Fociños	María Antonia Crecente Maseda
Adrián Carballal Mato	Brais Fernández Da Aira	María Amelia Fraga Mosquera
María Montserrat Muriano Rodríguez	Jorge Fernández García-Garabal	Alejandro Wenceslao García Zapata
Roberto Suárez Brandariz	Raquel Fidalgo Joga	Ana María López Pampín
Nereida María Canosa Domínguez	Diego Fortes González	María Teresa Mato Pintané
Inés Viana Moldes	Carlos Fraiz Ares	María Fe Mella Pérez
Pablo Arias Rodríguez	Ana María García Novo	María José Parga Massa
Rubén Lado Sestayo	Cristina Iglesias Mejuto	Juan Manuel Pernas Ladra
Esther Alicia Barros Campello	Sión Kokoszo Ribas	Elena Rey Abuín
Matías Enrique Membiela Pollán	Sandra Lage Silva	María Teresa Aurea Rey Souto
Francisco Alonso Tajés	Pablo López Arias	Francisco Javier Romero Sánchez
Emma Rodríguez Maseda	Sara López Campoamor	Gloria Santos Blanco
Sandra Martínez Bustelo	José María Losada López	Lidia Suárez Fernández
Isabel Raposo Vidal	Águeda Mallo Nogueira	María Jesús Torres Labandeira
Lucía Couceiro López	Vanessa Mato Santiso	
Ana María Neira Pena	David Muñiz Loira	
	Jonatan Otero Carballal	

Principais acordos do Claustro Universitario

23 de abril


- Constitución do novo Claustro Universitario.
 - Constitución da Mesa de Idade.
 - Elección dos membros da Mesa do Claustro.
 - Elección de representantes do Claustro no Consello de Goberno, dos membros da Comisión Electoral Central e da Valedora Universitaria.
- D. David Uzzell - Catedrático de Psicoloxía da Universidade de Surrey.
 - D.^a Denise Gastaldo - Profesora da Universidade de Toronto.

15 de maio

- Aprobación da Memoria do reitor 2018.

6 de maio (Mesa)

- Apróbanse as propostas de doutoramento *honoris causas* das seguintes persoas:
 - D. Enrique Orts Berenguer - Catedrático da Universidade de Valencia.



Consello Social

Presidencia	Marta María Blanco Vispo
Antonio Abril Abadín	Rosa Carril Iglesias
Membros natos	Nuria Blanco Santiago
Julio Abalde Alonso (reitor)	Severino Ares Lago
Carlos Aymerich Cano (secretario xeral)	Designados polos sindicatos
Ramón del Valle López (xerente)	M. ^a José Calvo Orgeira
Representantes do Consello de Goberno	Andrés Marcos García
Salvador Naya Fernández (profesorado)	Alfonso Varela Vidal
Carmela Carrillo García (alumnado)	Designados polas organizacións empresariais
María José Parga Massa (PAS)	Antonio Fontenla Ramil
Designados polo Parlamento	M. ^a Teresa Valdés Blanco-Rajoy
Eduardo Álvarez González	José Venegas Alonso
Jame Fernández-Obanza Carro	José Ramón Romero García
Alfonso Manuel López Pena	Designados polas corporacións locais
Inmaculada Rodríguez Cuervo	Jesús J. Celemín Santos
Ángel M. Teijeiro González	María Victoria Suárez Taibo
Luis Ramiro Díaz López	Designados polos colexios profesionais
Designados pola Xunta	José M. ^a Arrojo Fernández
Nona Inés Vilariño Salgado	Secretario
